

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

16903 *Real decreto 1398/2018, do 23 de novembro, polo que se desenvolve o artigo 25 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, en canto ao sistema de compensación equitativa por copia privada.*

A Directiva 2001/29/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio, relativa á harmonización de determinados aspectos dos dereitos de autor e dereitos afíns aos dereitos de autor na sociedade da información, permite aos Estados membros da Unión Europea limitar ou exceptuar o dereito exclusivo de reprodución no caso de copias efectuadas por unha persoa física para uso privado, e sempre que os titulares do citado dereito reciban a cambio unha compensación equitativa. No ordenamento xurídico español, este límite de copia privada recoñécese no artigo 31, números 2 e 3, do texto refundido da Lei da propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, e a correspondente compensación equitativa pola vixencia do límite regúlase no artigo 25 do mesmo texto refundido.

O Real decreto lei 12/2017, do 3 de xullo, polo que se modifica o texto refundido da Lei da propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, en canto ao sistema de compensación equitativa por copia privada, modificou o artigo 25 do citado texto refundido. En termos xerais, substituíu o anterior modelo de compensación equitativa financiada con cargo aos orzamentos xerais do Estado por un modelo baseado no pagamento dun importe que deberán satisfacer os fabricantes, importadores e distribuidores de equipamentos, aparellos e soportes materiais de reprodución.

A disposición derradeira primeira do Real decreto lei 12/2017, do 3 de xullo, habilita o Goberno para que, no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor, desenvolva regulamentariamente as modificacións introducidas no texto refundido da Lei da propiedade intelectual. Así mesmo, tamén o habilita para que determine, por primeira vez, con carácter non transitorio, os equipamentos, aparellos e soportes materiais suxeitos ao pagamento da compensación equitativa, as cantidades que os suxeitos debedores do pagamento desta compensación deberán aboar por este concepto aos seus suxeitos acredores e a distribución da compensación entre as distintas modalidades de reprodución.

No seu cumprimento, este real decreto afronta a primeira parte do referido mandato, isto é, o desenvolvemento regulamentario das modificacións introducidas polo Real decreto lei 12/2017, do 3 de xullo, no texto refundido da Lei da propiedade intelectual.

O capítulo I refírese a disposicións xerais e recolle o relativo ao obxecto, a determinación das publicacións asimiladas a libros, definicións aplicables e a distribución desta compensación dentro de cada modalidade de reprodución, segundo a categoría do suxeito acredor (autores –e conxuntamente con eles, en determinados casos, os editores–, produtores e artistas intérpretes ou executantes).

O capítulo II regula o procedemento para facer efectiva a compensación equitativa por copia privada. Este baséase nun sistema de presentación de relacións trimestrais por parte dos suxeitos debedores e polos distribuidores que culmina coa emisión das correspondentes facturas de aboamento ou de devolución da compensación equitativa. Así mesmo, regula o procedemento para facer efectivo o dereito á obtención do certificado de exceptuación e do reembolso do pagamento da compensación equitativa, previstos, respectivamente, nas letras b) e c) do número 7 e no número 8 do artigo 25 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

O capítulo III regula o procedemento para resolver os conflitos que poidan xurdir entre a persoa xurídica, constituída polas entidades de xestión de dereitos de propiedade

intelectual para exercer as funcións establecidas no artigo 25.10 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, e os solicitantes de certificados de exceptuación e de reembolsos do pagamento da compensación equitativa por copia privada. Prevese que o exercicio da competencia para resolver este procedemento, atribuída ao Ministerio de Cultura e Deporte polo artigo 25.12 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, corresponde á Dirección Xeral de Industrias Culturais e Cooperación.

O capítulo IV determina a porcentaxe da compensación equitativa por copia privada que as entidades de xestión deberán dedicar a determinadas actividades e servizos de carácter asistencial cara aos seus socios e de formación e promoción de autores e artistas intérpretes ou executantes, en cumprimento da obrigaón prevista no artigo 178.2 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual. Concretamente, a devandita porcentaxe fíxase nun vinte por cento.

Este real decreto forma parte do Plan anual normativo 2018, aprobado polo Consello de Ministros o 7 de decembro de 2017. Así mesmo, cumpre cos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, cumpre cos principios de necesidade e eficiencia debido a que, coa súa aprobación, se adoptan as medidas normativas necesarias para completar, en parte, o obrigado desenvolvemento regulamentario da nova regulación da compensación por copia privada introducida polo Real decreto lei 12/2017, do 3 de xullo. As modificacións que se introducen son as imprescindibles para realizar o necesario desenvolvemento regulamentario, de tal modo que se respecta o principio de proporcionalidade. Por último, respéctanse os principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia debido a que as reformas introducidas son coherentes co resto do ordenamento xurídico; as partes interesadas participaron, en primeiro lugar, durante a consulta pública previa e, en segundo lugar, no trámite posterior de información pública; e introdúcense as cargas administrativas estritamente necesarias para facer efectiva a compensación equitativa por copia privada. Así mesmo, e de conformidade co previsto na disposición adicional trixésimo novena da Lei 6/2018, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2018, as medidas incluídas neste real decreto non supoñen un aumento neto dos gastos de persoal.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.9.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade intelectual e industrial, e segundo a habilitación regulamentaria prevista na disposición derradeira primeira do Real decreto lei 12/2017, do 3 de xullo.

Na tramitación do procedemento de elaboración deste real decreto realizouse a consulta previa, de acordo co artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e levouse a cabo un trámite de información pública. Ademais, emitiu ditame a Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual; foi sometido a informe do Consello de Consumidores e Usuarios, así como das secretarías xerais técnicas dos departamentos ministeriais competentes; e, finalmente, emitiu ditame preceptivo o Consello de Estado, de conformidade co artigo 22 da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado.

A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos foi informada deste real decreto na súa reunión do día 24 de maio de 2018.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Cultura e Deporte e da ministra de Economía e Empresa, coa aprobación previa prevista no artigo 26.5, quinto parágrafo, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 23 de novembro de 2018,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten como obxecto desenvolver regulamentariamente o artigo 25 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, e en concreto regular, ademais das disposicións xerais do presente capítulo:

a) O procedemento para facer efectiva a compensación equitativa por copia privada, que incluíra o procedemento para a obter os certificados de exceptuación e do reembolso do pagamento da dita compensación polos suxeitos a que se lle recoñece tal beneficio, regulados, respectivamente, nas letras b) e c) do número 7 e no número 8 do artigo 25 do referido texto refundido.

b) O procedemento para resolver os conflitos que xurdan entre a persoa xurídica constituída segundo o previsto no artigo 25.10 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual e os solicitantes de certificados de exceptuación e de reembolso do pagamento da compensación equitativa por copia privada.

c) A porcentaxe da compensación equitativa por copia privada que as entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual deberán destinar ás actividades e servizos a que se refire o artigo 178.1, letras a) e b), do texto refundido da Lei da propiedade intelectual.

Artigo 2. *Publicacións asimiladas a libro.*

Para os efectos do artigo 25.1 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual e deste real decreto, entenderanse asimiladas aos libros as publicacións, tanto en soporte papel como en formato dixital, de contido cultural, científico ou técnico sempre e cando:

a) Estean editadas en serie continua cun mesmo título a intervalos regulares ou irregulares de forma que os exemplares da serie leven unha numeración consecutiva ou estean datados con periodicidade mínima mensual e máxima semestral.

b) Teñan, polo menos, 48 páxinas por exemplar en soporte papel ou extensión similar en formato dixital.

Artigo 3. *Outras definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Certificado de exceptuación: cada un dos certificados mencionados no artigo 25.7, letras a) a c), do texto refundido da Lei da propiedade intelectual, que poderán ser de titularidade dos seguintes suxeitos:

1.º Entidades que integran o sector público, segundo se establece na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como o Congreso dos Deputados, o Senado, o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Tribunal de Contas, o Defensor do Pobo, as asembleas legislativas das comunidades autónomas e as institucións autonómicas análogas ao Tribunal de Contas e ao Defensor do Pobo.

2.º Persoas xurídicas ou físicas que actúen como consumidores finais que xustifiquen o destino exclusivamente profesional dos equipamentos, aparellos ou soportes materiais que adquiren, e sempre que estes non se poñan, de dereito ou de feito, á disposición de

usuarios privados e que estean manifestamente reservados a usos distintos á realización de copias privadas.

3.º Suxeitos que contén coa preceptiva autorización para levar a efecto a correspondente reprodución de obras, prestacións artísticas, fonogramas ou videogramas, segundo proceda, no exercicio da súa actividade.

b) Compensación: a recoñecida no artigo 25 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual pola vixencia do límite ao dereito de reprodución por copia privada recoñecido no artigo 31, números 2 e 3, do citado texto refundido.

c) Distribuidores: os distribuidores, grosistas e retalistas, sucesivos adquirentes dos equipamentos, aparellos e soportes materiais.

d) Entidades de xestión: as entidades legalmente constituídas que teñen establecemento en territorio español e que posúen a autorización do Ministerio de Cultura e Deporte, prevista no artigo 147 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, para xestionar, en nome propio ou alleo, dereitos de explotación ou outros de carácter patrimonial, por conta e en interese de varios autores ou outros titulares de dereitos de propiedade intelectual.

e) Equipamentos, aparellos e soportes materiais: segundo o artigo 25.1 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual, os obxectos idóneos para realizar as reproducións amparadas pola vixencia do límite ao dereito de reprodución por copia privada e que estarán suxeitos ao pagamento da compensación.

Os equipamentos, aparellos e soportes suxeitos ao pagamento da compensación, as cantidades que os debedores deberán aboar por este concepto aos acredores e a distribución da dita compensación entre as distintas modalidades de reprodución determinaranse mediante orde do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, prevista no artigo 25.4 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual.

f) Modalidades de reprodución: cada unha das tres modalidades de reprodución de obras divulgadas que se mencionan no artigo 25.1 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual:

- 1.º Reprodución de libros ou publicacións asimiladas a libros.
- 2.º Reprodución de fonogramas ou doutros soportes sonoros.
- 3.º Reprodución de videogramas ou doutros soportes visuais ou audiovisuais.

g) Persoa xurídica: a persoa xurídica constituída polas entidades de xestión, de conformidade co artigo 25.10 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual e a disposición adicional única do Real decreto lei 12/2017, do 3 de xullo, polo que se modifica o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, en canto ao sistema de compensación equitativa por copia privada.

h) Responsables solidarios: segundo o artigo 25.3, segundo parágrafo, do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, os distribuidores que non acrediten que satisfíxeron a compensación a un suxeito debedor.

i) Suxeitos acredores: segundo o artigo 25.2 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual:

1.º Os autores de obras divulgadas nalgún dos formatos descritos na letra f), conxuntamente e, nos casos e modalidades de reprodución en que corresponda, cos editores.

2.º Os produtores de fonogramas e videogramas.

3.º Os artistas intérpretes ou executantes cuxas actuacións fosen fixadas nos devanditos fonogramas e videogramas.

j) Suxeitos debedores: segundo o artigo 25.4 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual, os fabricantes en España, en canto actúen como distribuidores comerciais, así como os adquirentes fóra do territorio español, para a súa distribución comercial ou utilización dentro deste de equipamentos, aparellos e soportes materiais.

Artigo 4. *Distribución da compensación en cada modalidade de reprodución segundo a categoría do acredor.*

1. A distribución da compensación en cada modalidade de reprodución segundo a categoría do suxeito acredor realizarase da seguinte maneira:

a) Na modalidade de fonogramas e demais soportes sonoros, o 40 por cento para os autores, o 30 por cento para os artistas intérpretes ou executantes e o 30 por cento para os produtores.

b) Na modalidade de videogramas e demais soportes visuais ou audiovisuais, un terzo para os autores, un terzo para os artistas intérpretes ou executantes e un terzo para os produtores.

c) Na modalidade de libros e publicacións asimiladas, o 55 por cento para os autores e o 45 por cento para os editores.

2. Conforme as porcentaxes de distribución previstas no parágrafo anterior, as entidades de xestión concorrentes na xestión de dereitos dunha mesma categoría de acredores dunha mesma modalidade de reprodución determinarán, de mutuo acordo, as porcentaxes ou o sistema de repartición correspondentes a cada unha delas.

3. No caso de que as entidades de xestión concorrentes na xestión de dereitos dunha categoría de acredores dunha mesma modalidade de reprodución non acaden o acordo indicado no parágrafo anterior, a determinación das porcentaxes ou sistema de repartición por cada modalidade poderao establecer a Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual, de conformidade co previsto no artigo 194.2 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual ou mediante laudo doutro órgano arbitral, de conformidade coa normativa vixente en materia de arbitraje. O laudo establecerá, polo menos, as porcentaxes ou o sistema de repartición da cantidade da compensación asignada a cada modalidade, o que permitirá recoñecer as obrigacións e o pagamento ás entidades de xestión de conformidade cos seus termos.

CAPÍTULO II

Procedemento para facer efectiva a compensación

Artigo 5. *Obrigacións de facturación e información.*

1. Os suxeitos debedores e os distribuidores deberán incluír o importe da compensación de forma separada na factura que, conforme a normativa vixente en materia de facturación, entreguen ao seu cliente, salvo que este dispoña dun certificado vixente de exceptuación.

O importe da compensación derivada da subministración ou da importación de equipamentos, aparellos e soportes materiais quedará suxeito ao imposto sobre o valor engadido, ao imposto xeral indirecto canario ou ao imposto sobre a produción, os servizos e a importación, segundo proceda.

2. Cando o cliente sexa consumidor final que non dispoña dun certificado vixente de exceptuación, os suxeitos debedores e os distribuidores deberán poñer á súa disposición un documento coa seguinte información:

a) O dereito a solicitar un certificado de exceptuación, conforme o previsto no artigo 25.7 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual e no presente real decreto.

b) O dereito a obter, se non se dispón de certificado de exceptuación, o reembolso do pagamento da compensación, conforme o previsto no artigo 25.8 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual e no presente real decreto.

3. A persoa xurídica difundirá no seu portal da internet un modelo de documento conforme o previsto no parágrafo anterior.

4. En ningún caso os distribuidores aceptarán dos seus respectivos provedores a subministración de equipamentos, aparellos e soportes materiais sometidos ao pagamento da compensación se non veñen facturados conforme o previsto no número 1.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, cando o importe da compensación non apareza de forma separada na factura, presumirase, salvo proba en contrario, que a compensación derivada dos equipamentos, aparellos e soportes materiais que comprenda non foi satisfeita.

Artigo 6. Comunicación da relación de equipamentos, aparellos e soportes materiais respecto dos cales nace a obrigaón de pagamento da compensación.

1. Os suxeitos debedores presentarán á persoa xurídica, dentro dos trinta días naturais seguintes á finalización de cada trimestre natural, unha relación das unidades de equipamentos, aparellos e soportes materiais, incluídas as súas características técnicas e capacidade, na medida en que sexa relevante para determinar a contía da compensación aplicable, respecto das cales nace a obrigaón de pagamento da compensación durante o devandito trimestre.

Co mesmo detalle, deducirán as cantidades correspondentes ás unidades:

a) Destinadas fóra do territorio español. Respecto destas unidades, deberá achegarse copia da factura, albarás ou calquera outra documentación que acredite que se perfeccionou a exportación.

b) Vendidas ou das cales se cedeu o seu uso e gozo a suxeitos que sexan titulares dun certificado vixente de exceptuación. Respecto destas unidades, deberán detallar a seguinte información:

1.º A data e o número da factura.

2.º O número de identificación fiscal e nome e apelidos ou razón ou denominación social do titular do certificado de exceptuación.

Os suxeitos debedores, referidos no artigo 25.6.b) do texto refundido da Lei da propiedade intelectual, farán unha declaración á persoa xurídica das unidades de equipamentos, aparellos e soportes materiais adquiridos dentro dos trinta días naturais seguintes ao nacemento da obrigaón.

2. Os distribuidores presentarán á persoa xurídica, dentro dos trinta días naturais seguintes á finalización de cada trimestre natural, unha relación das unidades de equipamentos, aparellos e soportes materiais respecto das cales nace a obrigaón de pagamento da compensación durante o devandito trimestre, da seguinte maneira:

a) Respecto das unidades adquiridas por eles en territorio español de debedores que non lles repercutisen e fixesen constar na factura a correspondente compensación, deberán presentar a relación conforme o previsto no número 1.

b) Respecto das unidades adquiridas por eles en territorio español de debedores que si lles repercutisen e fixesen constar na factura a correspondente compensación, deberán detallar aquelas unidades destinadas fóra do territorio español e aquelas das cales vendesen ou cedesen o seu uso e gozo a suxeitos que dispuxesen dun certificado vixente de exceptuación, de acordo co previsto no segundo parágrafo do número 1 e, ademais, deberán acreditar que satisfíxeron previamente a compensación.

3. Unha vez recibidas as relacións trimestrais de unidades previstas nos números 1 e 2, a persoa xurídica remitiráas ás entidades de xestión co obxecto de que fagan as comprobacións necesarias.

Artigo 7. Pagamento da compensación.

1. Cando, tras realizaren as comprobacións necesarias das relacións trimestrais de unidades recibidas, as entidades de xestión constaten a existencia dunha obrigaón de

pagamento da compensación ao seu favor, emitirán unha factura a nome do debedor ou do responsable solidario co importe que este deberá pagar.

2. As entidades de xestión realizarán unha comunicación unificada da facturación ao suxeito debedor ou ao responsable solidario a través da persoa xurídica.

3. O suxeito debedor ou o responsable solidario efectuarán o pagamento no prazo dun mes desde a recepción da comunicación unificada da facturación, salvo que se aprecie erro nalgunha das facturas comunicadas. Neste último caso, o cómputo do prazo para pagar esa factura comezará desde a súa recepción unha vez corrixida.

4. Os suxeitos debedores e os responsables solidarios consideraranse depositarios da compensación devindicada ata o seu efectivo pagamento.

Artigo 8. *Devolución da compensación.*

1. Cando, tras realizaren as comprobacións necesarias das relacións trimestrais de unidades recibidas, as entidades de xestión constaten a existencia dunha obrigação de devolución do importe da compensación, deberán solicitar a emisión da correspondente factura ao suxeito debedor ou ao distribuidor.

2. As entidades de xestión efectuarán o pagamento da devolución no prazo dun mes desde a recepción da factura do suxeito debedor ou do distribuidor, salvo que non se acredite ter satisfeito previamente a compensación ou se aprecie erro na factura. Neste último caso, o cómputo do prazo comezará desde a recepción da factura corrixida.

3. As entidades de xestión consideraranse depositarias do importe da devolución ata o seu efectivo pagamento.

Artigo 9. *Declaración e facturación complementaria ou rectificativa.*

1. A persoa xurídica comunicará ás entidades de xestión, tras o exercicio das funcións de control que lle atribúe o artigo 25.11 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual, as unidades non declaradas ou exceptuadas erroneamente polos suxeitos debedores ou polos distribuidores, ou as unidades facturadas en exceso ou indebidamente polas entidades de xestión a un suxeito debedor ou a un responsable solidario.

2. A persoa xurídica remitirá ás entidades de xestión a documentación de soporte que xustifique esas diferenzas de comprobación para que se emitan as correspondentes facturas complementarias ou rectificativas segundo o caso.

Artigo 10. *Procedemento de obtención e utilización do certificado de exceptuación.*

1. Para obter o certificado de exceptuación previsto no artigo 3.a) 2.º, o suxeito interesado deberá remitir á persoa xurídica unha solicitude, que preferentemente deberá asinarse electronicamente, e que deberá incluír a seguinte información:

- a) Número de identificación fiscal e nome e apelidos ou razón ou denominación social.
- b) Indicación do obxecto social ou unha declaración de actividade do solicitante.
- c) Declaración, baixo a responsabilidade do solicitante, sobre os seguintes aspectos:

1.º O réxime de utilización dos equipamentos, aparellos e soportes materiais que vaia adquirir, que deberán ser destinados a usos exclusivamente profesionais e manifestamente distintos á realización de copias privadas.

2.º Que non poñerá os devanditos equipamentos, aparellos e soportes materiais, nin de feito nin de dereito, á disposición de usuarios privados.

3.º Que se someterá ás facultades de control recoñecidas á persoa xurídica polo artigo 25.11 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual.

d) No caso de que o solicitante empregue traballadores por conta allea a cuxa disposición vaia poñer os equipamentos, aparellos ou soportes materiais que vaia adquirir,

declaración de que, baixo a súa responsabilidade, eses traballadores teñen coñecemento da seguinte información:

1.º Que os equipamentos, aparellos ou soportes materiais que o seu empregador lles facilite para desenvolver as súas funcións profesionais deberán utilizarse exclusivamente para tal finalidade.

2.º Que non está permitido o uso para fins privados dos citados equipamentos, aparellos ou soportes materiais.

2. A persoa xurídica difundirá no seu portal da internet un modelo normalizado de solicitude de certificado de exceptuación que cumpra cos requisitos previstos no parágrafo anterior.

3. Para obter o certificado de exceptuación previsto no artigo 3.a) 3.º, o solicitante deberá remitir á persoa xurídica unha solicitude coa cal deberá xuntar unha copia da autorización para levar a efecto a correspondente reprodución de obras, prestacións artísticas, fonogramas ou videogramas no exercicio da súa actividade.

4. Unha vez recibida a solicitude de emisión dun certificado de exceptuación, a persoa xurídica dispoñerá de quince días hábiles para conceder ou denegar o certificado e comunicar a súa decisión ao solicitante.

5. A persoa xurídica soamente poderá denegar a concesión do certificado nos seguintes supostos:

- a) Cando a solicitude non inclúa toda a información exixida no presente artigo.
- b) Cando as declaracións responsables non reflectan o exixido no presente artigo.
- c) Cando o solicitante fose obxecto previamente dunha revogación do certificado de exceptuación, salvo que as causas que a motivaron desaparecesen.

Nos supostos previstos nas letras a) e b) anteriores, a persoa xurídica deberá outorgar previamente ao solicitante un prazo de sete días hábiles para que emende a súa solicitude.

A denegación comunicarase ao solicitante xunto cunha xustificación adecuada dos motivos de tal decisión e, así mesmo, informaráo do dereito a interpoñer, no prazo dun mes contado desde a comunicación da denegación, un conflito ante o Ministerio de Cultura e Deporte, en virtude do artigo 25.12 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual.

6. O certificado expedido pola persoa xurídica terá a seguinte duración:

a) O certificado previsto no artigo 3.a) 2.º terá unha duración indefinida sempre que o seu titular non modifique a súa actividade profesional de maneira que non destine a un uso exclusivamente profesional os equipamentos, aparellos ou soportes materiais que adquira. Neste último caso, deberá comunicar á persoa xurídica a dita modificación no prazo de sete días hábiles.

b) O certificado previsto no artigo 3.a) 3.º terá a mesma duración que a autorización de reprodución de que derive.

Con todo, se a persoa xurídica, no exercicio das súas facultades de control, detecta que o titular dun certificado vixente de exceptuación non cumpre cos requisitos necesarios para posuílo, poderá revogalo sempre que, con carácter previo, permitise ao titular facer as alegacións e achegar os documentos que considere oportunos para a súa defensa. A revogación, unha vez que sexa definitiva, deberá facerse constar de forma inmediata na listaxe prevista no número 8.

7. O certificado de exceptuación soamente poderá facerse valer nas operacións comerciais que se realicen tras a data da súa emisión. Deberá presentarse e estar vixente no momento da sinatura do contrato de compravenda ou de cesión de uso e gozo e, en todo caso, con carácter previo á emisión da factura. A vixencia do certificado verificarase mediante consulta da listaxe a que se refire o parágrafo seguinte.

8. A persoa xurídica manterá no seu portal da internet unha listaxe actualizada dos suxeitos que dispoñan dun certificado vixente de exceptuación, con indicación do seu número de identificación fiscal. Así mesmo, deberá garantir de forma fidedigna a data de

actualización da devandita listaxe e informar das súas actualizacións, no momento que se produzan, aos suxeitos debedores e aos distribuidores.

9. A factura que se emita con razón da transacción en que se faga valer o certificado de exceptuación deberá facerse a nome do seu titular.

10. Na falta de certificado, os suxeitos beneficiarios da exceptuación poderán utilizar o procedemento de reembolso.

Artigo 11. *Procedemento de reembolso do pagamento da compensación.*

1. A solicitude de reembolso do pagamento da compensación remitirase á persoa xurídica. Coa dita solicitude, que deberá asinarse, preferentemente, de forma electrónica, deberá achegarse a seguinte información:

- a) Número de identificación fiscal e nome e apelidos ou razón ou denominación social.
- b) Indicación do obxecto social ou unha declaración de actividade do solicitante.
- c) Copia da factura de adquisición dos equipamentos, aparellos ou soportes materiais.
- d) Declaración, baixo responsabilidade do solicitante, sobre os seguintes aspectos:

1.º Que o destino dado aos equipamentos, aparellos ou soportes materiais adquiridos é exclusivamente profesional e manifestamente distinto á realización de copias privadas.

2.º Que non puxo os devanditos equipamentos, aparellos e soportes materiais, nin de feito nin de dereito, á disposición de usuarios privados.

3.º Que se someterá ás facultades de control recoñecidas á persoa xurídica polo artigo 25.11 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual.

e) No caso de que o solicitante empregue traballadores por conta allea a cuxa disposición puxese os equipamentos, aparellos ou soportes materiais que adquirise, declaración de que, baixo a súa responsabilidade, estes traballadores teñen coñecemento dos seguintes aspectos:

1.º Que os equipamentos, aparellos ou soportes materiais que o seu empregador lles facilite para desenvolver as súas funcións profesionais deben utilizarse exclusivamente para tal finalidade.

2.º Que non está permitido o uso para fins privados dos citados equipamentos, aparellos ou soportes materiais.

2. A persoa xurídica difundirá no seu portal da internet un modelo normalizado de solicitude de reembolso que cumpra cos requisitos previstos no parágrafo anterior.

3. A persoa xurídica dispoñerá dun prazo dun mes desde a recepción da solicitude para realizar as comprobacións necesarias para acreditar a existencia ou a inexistencia do dereito ao reembolso e comunicar a súa decisión ao solicitante.

4. Se se acredita a existencia do dereito ao reembolso, a persoa xurídica, cando o comunique ao solicitante, requiriralle a emisión da correspondente factura para realizar o seu pagamento.

5. A persoa xurídica só poderá denegar o reembolso da compensación nos seguintes supostos:

- a) Cando a solicitude de reembolso non inclúa toda a información exixida no presente artigo.
- b) Cando as declaracións responsables non reflectan o exixido no presente artigo.
- c) Cando o importe da solicitude de reembolso sexa inferior ao previsto no penúltimo parágrafo do artigo 25.8 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual, coa excepción prevista no devandito artigo.
- d) Cando, unha vez analizada a solicitude, non se acredite a existencia do dereito ao reembolso.

Nos supostos previstos nas letras a) e b) anteriores, outorgarase ao solicitante un prazo de sete días hábiles para que emende a súa solicitude.

A denegación comunicárase ao solicitante xunto cunha xustificación adecuada dos seus motivos e, así mesmo, informárase do dereito a interpoñer, no prazo dun mes contado desde a comunicación da denegación, un conflito ante o Ministerio de Cultura e Deporte en virtude do artigo 25.12 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

Artigo 12. Obrigación de confidencialidade.

1. As entidades de xestión e a persoa xurídica respectarán o carácter confidencial de calquera información que coñezan no exercicio das súas funcións, e o seu tratamento, en todo caso, estará suxeito ao cumprimento da normativa de defensa da competencia e de protección de datos.

2. Os debedores, os distribuidores e os titulares de certificados de exceptuación non poderán facer valer o segredo de contabilidade empresarial recollido no artigo 32, número 1, do Código de comercio, cando a persoa xurídica exerza as facultades de control que se lle recoñecen no artigo 25.11 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual.

Artigo 13. Convenios de colaboración sobre a compensación.

1. A persoa xurídica promoverá a subscripción de convenios de colaboración cos seguintes suxeitos, entre outros:

- a) Suxeitos debedores e distribuidores ou as súas asociacións representativas.
- b) Colexios profesionais, cámaras de comercio ou corporacións equivalentes, asociacións de profesionais ou calquera outra asociación representativa de usuarios de equipamentos, aparellos e soportes materiais.

2. Os convenios de colaboración terán por obxecto, entre outros aspectos, os seguintes:

- a) Proporcionar eficiencia á xestión para facer efectiva a compensación e, en particular, a súa devolución. Como medida neste sentido, poderán regularse mecanismos que permitan aos suxeitos debedores e aos distribuidores exceptuar do pagamento da compensación as sucesivas transaccións relativas aos equipamentos, aparatos e soportes materiais respecto dos cales se poida acreditar de antemán que, en última instancia, van ser destinados fóra do territorio español ou a suxeitos que sexan titulares dun certificado vixente de exceptuación.
- b) Informar e facilitar a obtención de certificados de exceptuación e prestar servizos para agrupar o reembolso do pagamento da compensación.
- c) Desenvolver accións formativas.

CAPÍTULO III

Procedemento para resolver conflitos relacionados coa concesión de certificados de exceptuación e reembolsos do pagamento da compensación

Artigo 14. Iniciación e finalización do procedemento.

1. A Dirección Xeral de Industrias Culturais e Cooperación será o órgano competente para resolver os conflitos que xurdan entre a persoa xurídica e os solicitantes de certificados de exceptuación e de reembolsos do pagamento da compensación.

2. O procedemento administrativo para resolver o conflito tramitarase de conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e de acordo coas especialidades procedementais reguladas neste artigo.

3. A solicitude de resolución de conflito deberá presentarse ante a Dirección Xeral de Industrias Culturais e Cooperación no prazo dun mes desde a notificación da denegación

do certificado de exceptuación ou do reembolso. Coa solicitude deberanse achegar, polo menos, os seguintes documentos:

- a) Copia da solicitude de certificado de exceptuación ou de reembolso cursada á persoa xurídica con todos os documentos que a acompañaron.
- b) Copia do documento emitido pola persoa xurídica en que se denega a solicitude cursada.

4. O prazo máximo para que a Dirección Xeral de Industrias Culturais e Cooperación emita e notifique a decisión en que se resolva o conflito será de seis meses que se computará desde a recepción completa da solicitude.

5. A resolución da Dirección Xeral de Industrias Culturais e Cooperación, que vinculará todas as partes e poñerá fin á vía administrativa, poderá declarar a existencia ou inexistencia do dereito a obter o certificado de exceptuación ou o reembolso do pagamento da compensación. No caso de declarar a existencia do dereito a obter o reembolso, cominará a persoa xurídica co pagamento da contía que en dereito corresponda ao seu solicitante.

CAPÍTULO IV

Porcentaxe da compensación equitativa que as entidades de xestión deben dedicar a determinadas actividades e servizos

Artigo 15. Realización de actividades de asistencia e fomento por parte das entidades de xestión.

1. As entidades de xestión, directamente ou por medio doutras entidades, deberán, segundo o establecido no artigo 178 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual:

- a) Promover actividades ou servizos de carácter asistencial en beneficio dos seus membros.
- b) Atender actividades de formación e promoción de autores e artistas intérpretes ou executantes.

2. As entidades de xestión deberán dedicar ás dúas modalidades de actividades a que se refire o parágrafo anterior, por partes iguais, o vinte por cento do importe da compensación.

3. No primeiro trimestre de cada ano, as entidades de xestión remitirán á Dirección Xeral de Industrias Culturais e Cooperación a información referida ao exercicio anterior que a continuación se relaciona:

- a) memoria pormenorizada das actividades ou servizos a que se refiren as letras a) e b) do número 1.
- b) cantidades desagregadas que se afectasen ás devanditas actividades ou servizos, de acordo co previsto no número 2, e
- c) relación pormenorizada de titulares beneficiarios.

4. Así mesmo, deberán remitir á Dirección Xeral de Industrias Culturais e Cooperación calquera outra información que esta requira en relación coa realización de actividades de asistencia e fomento a que están obrigadas as entidades de xestión.

Disposición adicional primeira. Realización de actividades de asistencia e fomento por parte das entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual.

A obrigação regulada no artigo 15.2 deste real decreto resultará de aplicación á compensación equitativa que as entidades de xestión recadasen desde a entrada en vigor da disposición transitoria segunda do Real decreto lei 12/2017, do 3 de xullo, polo que se modifica o texto refundido da Lei da propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto

lexislativo 1/1996, do 12 de abril, en canto ao sistema de compensación equitativa por copia privada.

Disposición adicional segunda. *Función da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual en materia de compensación equitativa por copia privada.*

As reunións da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual cuxo obxecto sexa a emisión do informe preceptivo previsto no artigo 25.4 do texto refundido da Lei da propiedade intelectual terán como tales o mesmo tratamento que as reunións de devandito órgano colexiado que teñan como obxecto o exercicio da súa función de determinación de tarifas.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas neste real decreto non poderán supoñer un aumento neto dos gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Prazo máximo para resolver as solicitudes de reembolso.*

Durante o prazo de seis meses, que se computará desde a data de entrada en vigor do presente real decreto, o prazo máximo para resolver as solicitudes de reembolso, cursadas conforme o procedemento regulado no artigo 11 deste real decreto, será de dous meses.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao presente real decreto e, en particular, os preceptos vixentes do Real decreto 1434/1992, do 27 de novembro, de desenvolvemento dos artigos 24, 25 e 140 da Lei 22/1987, do 11 de novembro, da propiedade intelectual, na súa versión dada pola Lei 20/1992, do 7 de xullo; e o Real decreto 1802/1995, do 3 de novembro, polo que se establece o sistema para determinar a remuneración compensatoria por copia privada nas cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición derradeira primeira. *Repartición da compensación entre modalidades de reprodución.*

1. O acordo que, de ser o caso, exista entre as entidades de xestión autorizadas polo Ministerio de Cultura e Deporte para determinar a repartición da compensación equitativa regulada no número 1 da disposición transitoria segunda do Real decreto lei 12/2017, do 3 de xullo, entre as distintas modalidades de reprodución deberá remitirse ao Ministerio de Cultura e Deporte, á Secretaría de Estado para o Avance Dixital e ás principais asociacións representativas de suxeitos debedores e distribuidores, no prazo de cinco días tras a entrada en vigor deste real decreto.

2. Unha vez resoltas todas as solicitudes de reembolso correspondentes á compensación equitativa regulada no número 1 da disposición transitoria segunda do Real decreto lei 12/2017, do 3 de xullo, que fose recadada ata a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades de xestión liberarán o saldo remanente da provisión dotada en cumprimento do número 5 da dita disposición transitoria que non fose consumido na atención de reembolsos.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.9.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 2 de xaneiro de 2019.

Dado en Madrid o 23 de novembro de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO